



Anexo I: Medidas de apoio a persoas con discapacidade

Nota introdutoria: A finalidade deste documento é soamente informativa, polo tanto o seu texto non pode ser alegado como orixe de dereitos. Nela non se fai referencia aos requisitos específicos de acceso a cada unha das medidas de apoio, unicamente se establece a correlación entre o grao de discapacidade e tipo de medida.

PRESTACIONS ECONÓMICAS

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA DE INVALIDEZ

Dirixida a persoas con idade comprendida entre os 18 e os 65 anos, cun grao de discapacidade $\geq 65\%$ que cumpran os requisitos de nacionalidade, residencia e económicos establecidos na normativa vixente.

No caso de acreditar grao $\geq 75\%$ e necesidade de axuda de terceira persoa, incrementase a contía da pensión nun 50%.

PRESTACIÓN FAMILIAR POR FILLO A CARGO CON DISCAPACIDADE

Para menores de 18 anos cun grao de discapacidade $\geq 33\%$ e maiores de 18 anos con $\geq 65\%$. No caso de maiores de 18 anos cun grao $\geq 75\%$ e acreditación de necesidade de axuda de terceira persoa, incremento da pensión nun 50%.

PENSIÓNS DE VIUVEZ

- No caso de menores de 65 anos, cun grao de discapacidade $\geq 65\%$, equipárase o complemento de mínimos ao de maiores de 65 anos.
- No caso de contraer matrimonio non se lles extingue a pensión de viuvez se acreditan $\geq 65\%$ de discapacidade e cumpren cos demais requisitos establecidos na normativa vixente (que a pensión constitúa o 70% dos ingresos do pensionista e que o/a novo/a cónxuxe non posúa ingresos superiores a 2 veces SMI).

PENSIÓNS DE ORFANDADE

- Incremento da contía mínima da pensión aos menores de 18 anos cun grao $\geq 65\%$.
- Ampliación da idade a 25 anos aos orfos con discapacidade $\geq 33\%$ e ingresos inferiores ao SMI (derivados de traballo remunerado).

RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)

As persoas con grao de discapacidade $\geq 33\%$ están eximidas do requisito de idade mínima de 45 anos e teñen dereito á percepción da RAI durante tres períodos consecutivos.

RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

- No caso das persoas cun grao $\geq 33\%$, o requisito da idade mínima redúcese a 18 anos.
- No cálculo do límite de ingresos familiares non se computa a prestación familiar por fillo a cargo con discapacidade (PF).

SUBSIDIO DE MOBILIDADE E COMPENSACIÓN POR GASTOS DE TRANSPORTE

Dirixido a maiores 3 anos de idade, cun grao de discapacidade ($\geq 33\%$), que acrediten dificultade de uso de transporte público e teñan ingresos económicos familiares inferiores aos establecidos na normativa reguladora.



PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PERIÓDICAS A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

A contía da prestación ,así como o limite de ingresos para xerar dereito a ela, é superior no caso de acreditar grao de discapacidade o/a solicitante ou fillos a cargo (diferenza entre $\geq 33\%$ e $\geq 65\%$).

AXUDA ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Incrementábase a contía no caso de discapacidade na solicitante ou en fillos a cargo, variando a contía se se trata de $\geq 33\%$ ou de $\geq 65\%$.

XUBILACIÓN ANTICIPADA

- Traballadores/as cunha discapacidade igual ou superior ao 45%

Acceso a pensión de xubilación aos 56 anos se acreditan o período mínimo de cotización esixido (5475 días) e xustifican padecer unha das enfermidades comprendidas na normativa reguladora da xubilación anticipada.

- Traballadores/as cunha discapacidade igual ou superior ao 65%

A idade de xubilación ordinaria esixida para o acceso á pensión de xubilación redúcese nun período equivalente ao que resulte de aplicar ao tempo efectivamente traballado os seguintes coeficientes reductores: -coeficiente de 0,25 para un grao $\geq 65\%$; -coeficiente del 0,50 para un grao $\geq 65\%$ con acreditación de necesidade de axuda de terceira persoa.

A idade resultante non pode ser inferior a 52 anos.

XUBILACIÓN PARCIAL CON CONTRATO DE RELEVO

No caso de traballadores/as con discapacidade o período mínimo de cotización é de 25 anos.

EDUCACIÓN

Asignación de prazas en centros educativos

Nos baremos de asignación de prazas en centros educativos, aumenta a puntuación cando o/a solicitante ou membros da unidade familiar (pais e/ou irmáns) teñen recoñecida una discapacidade igual ou superior ao 33%.

Acceso á formación profesional de grao medio ou superior (ciclos formativos)

Reserva dun 10% do total das prazas ofertadas ao alumnado con discapacidade $\geq 33\%$.

Axudas económicas para adquisición de libros de texto en E.P, E.E e ESO

No cálculo da renda per cápita familiar computan por dous os membros con discapacidade.

Ao alumnado cun grao $\geq 65\%$ e o matriculado en educación especial outórgaselle unha contía fixa (sen ter en conta limite de ingresos familiares) que inclúe ademais dos libros o material escolar. Tamén están exentos da devolución dos libros.

Estudios universitarios na UNED

Primeira matrícula gratuíta de ensinanzas regradas , incluído o doutoramento ou o curso de acceso directo para maiores de 25 anos.

Probas de acceso a universidade para alumnos con discapacidade

Adaptación das probas de acceso para o alumnado cuxa discapacidade lles impida realizar a proba de acceso cos medios ordinarios.

Acceso e matrícula nas universidades galegas

Reserva dun 5% das prazas totais e exención do pagamento de matriculación para alumnado con discapacidade ($\geq 33\%$).

Bolsas e axudas para estudos post obrigatorios non universitarios

No computo da renda familiar existen deducións por discapacidade da persoa solicitante, dos irmáns/as e dos fillos/as. As contías varían en función do grao ($\geq 33\%$ e $\geq 65\%$).

Bolsas e axudas para estudos post obrigatorios universitarios

Deducións por discapacidade (alumno/a, irmáns e fillos/as) no computo da renda familiar. As contías varían en función do grao de discapacidade ($\geq 33\%$ e $\geq 65\%$).

Redución da carga lectiva a matricular ata un 50% en caso de alumnado cun grao de discapacidade $\geq 65\%$. Neste caso disporán de beca 1 ou 2 anos mais do establecido no plan de estudos.

Posibilidade de incrementar nun 50% a contía fixa das axudas e bolsas de estudos (agás a bolsa de matrícula) no caso de alumnado cun grao de discapacidade $\geq 65\%$.

Axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ($\geq 33\%$) ou por trastorno grave de conduta que curse: EI, EP, ESO, Bacharelato, ciclos formativos e PCPI.

Inclúen 2 modalidades: axudas directas (nos conceptos de: -ensino, -transporte escolar, -residencia escolar, -comedor, -libros, -material didáctico -reeducación pedagóxica e linguaxe) e subsidios para alumnado con NEAE de familias numerosas (transporte urbano, interurbano e comedor).

No límite de ingresos familiares establecidos para as axudas directas existen deducións por discapacidade (do alumno/a, dos irmáns/as e dos fillos/as) que varían en función do grao de discapacidade ($\geq 33\%$ e $\geq 65\%$).

Os subsidios non están suxeitos a renda nin patrimonio.

Comedores escolares

Gratuidade do comedor escolar en centros docentes públicos de infantil, primaria e ESO para alumnado con discapacidade ($\geq 33\%$).

Taxas nas escolas superiores de idiomas, conservatorios de música

Exención de taxas para alumnado con discapacidade.

Prazas de colaboradores-bolseiros nas residencia xuvenís da Xunta de Galicia

No baremo de criterios de selección tense en conta a situación de discapacidade ($\geq 33\%$) do solicitante e doutros/as membros da unidade de convivencia.



Prazas de residencia en centros residenciais docentes para estudos post obrigatorios non universitarios

No baremo de asignación de prazas barémanse con 5 puntos as situacións de discapacidade dos membros de unidade familiar incapacitados para obter ingresos de natureza laboral.

EMPREGO E FORMACIÓN

EMPREGO

PROMOCION EMPREGO AUTONOMO

- Subvencións destinadas a: - establecemento como traballador autónomo, - financiamento dos xuros de prestamos para inversión (max 4 puntos) , - asistencia técnica, - formación.
- Bonificacións do 50% das cotas de cotización á Seguridade Social durante os primeiros cinco anos. A redución pode acadar o 80% en determinados casos.

FOMENTO DO EMPREGO NA EMPRESA ORDINARIA

- Obrigatoriedade das empresas de máis de 50 empregados de contratar un 2% de traballadores con discapacidade.
- Incentivos ás empresas para a contratación de persoas con discapacidade nos contratos temporais (superiores a 1 ano), contratos indefinidos, contratos de formación e aprendizaxe, contratos en prácticas. Poden incluír: -bonificación de cotas empresariais a seguridade social (que varían en función de grao e tipoloxía da discapacidade e sexo); -subvencións por contrato de traballo con incentivos adicionais segundo sexo, grao e tipo de discapacidade;- subvencións adicionais por adaptación de postos de traballo.
- Exención da idade máxima do traballador e ampliación da duración do contrato en contratos de formación e aprendizaxe para persoas con discapacidade.
- Bonificación do 100% nas cotas empresarias á Seguridade Social nos contratos de interinidade para substituír a traballadores/as con discapacidade.

EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN PUBLICA

- Reserva dun 7% das prazas, sendo un 2% destas para persoas con discapacidade intelectual.
- Exención do pagamento de taxas.
- Adaptación de tempo e medios nas probas de acceso .
- Alteración da orde de prelación para elección de destino , por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, debidamente acreditadas.

EMPREGO PROTEXIDO

Centros especiais de emprego

Subvencións do custe salarial do 50% do SMI e bonificación do 100% da cota empresarial á Seguridade Social.



Enclaves laborais

Inclúen incentivos tales como: -subvencións por contrato indefinido;- bonificacións do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social ; - subvencións para adaptación de postos de traballo.

Poden acceder a esta formula de emprego os traballadores/as con discapacidade $\geq 33\%$ afectados por parálise cerebral, enfermidade mental e déficit intelectual e os traballadores cun grao $\geq 65\%$ no caso de discapacidade física ou sensorial.

Emprego con apoio

Consiste no acompañamento e a orientación individualizada no posto de traballo na empresa ordinaria durante 6 meses a 1 ano (con posibilidade de prorroga) a traballadores/as con discapacidade $\geq 33\%$ que presenten parálise cerebral, enfermidade mental e déficit intelectual e a traballadores/as con grao $\geq 65\%$ que presenten discapacidade física ou sensorial.

Establécense subvencións de contía variable en función do grao e tipo de discapacidade. As empresas de mercado ordinario poden acollerse a beneficios tales como bonificacións á Seguridade Social e subvencións para a contratación de persoas con discapacidade por contrato indefinido ou temporal.

EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

Existen subvencións para a incorporación de socios en situación de desemprego que acrediten un grao $\geq 33\%$.

CONVENIO ESPECIAL COA SEGURIDADE SOCIAL PARA AS PERSONAS CON DISCAPACIDADE E DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL

Cubre prestación por xubilación, morte e supervivencia.

Vai dirixido a persoas maiores de 18 anos e menores da idade mínima de xubilación ordinaria que non sexan pensionistas de xubilación nin incapacidade permanente e presenten un grao de discapacidade $\geq 33\%$ (no caso de parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual) ou un $\geq 65\%$ (no caso de discapacidade física ou sensorial).

FORMACIÓN PARA O EMPREGO:

ACCIONS FORMATIVAS PARA PERSOAS EN DESEMPREGO

Prioridade para acceder a estas accións formativas e dereito a unha bolsa por estudos.

ACCIONS FORMATIVAS PARA TRABALLADORES EN ACTIVO

Prioridade para participar nos cursos de formación.

ACCESO A ESCOLAS OBRADOIRO, CASAS DE OFICIO E OBRADOIROS DE EMPREGO

Prioridade para participar.

ACCESO A CENTROS DE RECUPERACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA (CRMF)

Requisitos de acceso: -presentar discapacidade física e/ ou sensorial en grao $\geq 33\%$,- ter mais de 16 anos de idade (excepcionalmente 14 anos), -non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin trastornos mentais que poidan alterar a convivencia, -non precisar atención de forma continuada en institucións sanitarias.



CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Exención do pagamento de taxas e adaptación de probas para persoas con discapacidade (grao $\geq 33\%$).

BENEFICIOS FISCAIS

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSONAS FÍSICAS (IRPF)

Considéranse persoas con discapacidade os/as contribuíntes con discapacidade $\geq 33\%$, os pensionistas de de Seguridade Social de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Considérase acreditado un grao de discapacidade do 65% nas persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, inda que non acaden o devandito grao nas valoracións do órgano respectivo da CCAA.

Reducións por Rendementos de Traballo

A contía varía en función do grao de discapacidade, establecéndose tres tramos: ($\geq 33\%$); ($\geq 33\%$ e inferior ao 65%, con necesidade de axuda de 3ª persoa ou mobilidade reducida); ($\geq 65\%$).

Redución por Rendementos de Actividades Económicas

- Redución especial establecida para determinados rendementos en actividades de estimación directa. Varía en función do grao de discapacidade, establecéndose tres tramos: ($\geq 33\%$); ($\geq 33\%$ e inferior 65% con necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida); ($\geq 65\%$).
- Reducións para a aplicación de módulos para persoas con grao $\geq 33\%$.

Reducións por achegas a Patrimonios protexidos de persoas con discapacidade (psíquica igual ou superior ao 33% e física ou sensorial igual ou superior ao 65%)

As achegas realizadas darán dereito a reducir a base imponible da persoa que fai a achega. Por outra banda, as recibidas polas persoas contribuíntes teñen consideración de rendementos de traballo (ata un tope máximo establecido).

Ganancias e perdas patrimoniais:

- Estimase que non existe ganancia ou perda patrimonial por achegas a patrimonios protexidos constituídos a favor de persoas con discapacidade.
- Está exenta de tributación en IRPF a transmisión da vivenda habitual en persoas con dependencia severa ou grande dependencia.

Achegas a plans de pensións e outros sistemas de previsión social constituídos a favor de persoas con discapacidade

Dereito a reducir da base imponible as achegas realizadas a plans de pensións constituídos a favor de: -persoas cunha discapacidade psíquica igual ou superior ao 33%; -persoas cunha discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65%; persoas con incapacidade declarada xudicialmente.



Mínimo persoal e familiar

Varía en función do grao de discapacidade do/a contribuínte, ascendente ou descendente, de acordo cos seguintes tramos: ($\geq 33\%$); ($\geq 33\%$ e inferior 65% con necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida); ($\geq 65\%$).

Dedución por obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual das persoas con discapacidade

Aplicable aos/as contribuíntes que realizen obras e instalacións de adecuación da súa vivenda habitual por razón da discapacidade do/a contribuínte ou da/do seu cónxuxe, ou un/ha parente en liña directa ou colateral consanguínea ou por afinidade ata o 3º grao e que convivan con el/a.

Deducións sobre a cota autonómica do IRPF da Comunidade Autónoma de Galicia

- Duplicación dos importes da dedución por familia numerosa no caso en que algún dos cónxuxes ou descendentes presenten discapacidade $\geq 65\%$. Cando a discapacidade non acade o devandito grao hai outras deducións.
- Dedución do 10% das cantidades satisfeitas (ata un máximo establecido) no caso de contribuíntes de 65 ou mais anos cun grao de discapacidade $\geq 65\%$ que acrediten necesidade de axuda de terceira persoa.

Deducións por persoas con discapacidade a cargo

- Impostos negativos para os contribuíntes que realicen unha actividade económica por conta propia ou allea con ascendentes ou descendentes discapacitados a cargo do contribuínte. O importe da dedución é de 1.200€ anuais por cada descendente e ascendente discapacitado a cargo. Estas deducións faranse efectivas na declaración do IRPF do exercicio 2015 (a presentar no 2016) se ben pode solicitarse o seu abono anticipado con carácter mensual.

IMPOSTO SOBRE SUCESIONS E DOAZONS

Redución na base imponible nas adquisicións mortis causa, sendo diferente a contía en función do grao de discapacidade: - $\geq 33\%$ e inferior o 65%; - igual ou superior ao 65%.

IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

A contía mínima exenta aumenta en persoas con discapacidade en grao $\geq 65\%$.

IMPOSTO SOBRE TRASMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURIDICOS DOCUMENTADOS

Aplicación dun gravame reducido do 4% no imposto de transmisións patrimoniais e do 0,5 no imposto de actos xurídicos documentados na adquisición de vivenda habitual por parte de persoas con discapacidade $\geq 65\%$.

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)

Aplicación dun tipo reducido do 4% na adquisición de vehículos de motor por parte de persoas con discapacidade ($\geq 33\%$) en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida e as persoas afiliadas á ONCE e os titulares da tarxeta de estacionamento emitidas polas corporacións locais.



IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Establécense deducións por creación de emprego para traballadores con discapacidade ($\geq 33\%$) e inversión en plataformas de acceso para persoas con discapacidade ou anclaxes de fixación e bonificación da cota do imposto sobre sociedades a cooperativas de traballo asociado que integren socios con discapacidade ($\geq 33\%$).

VIVENDA

Vivendas de protección oficial de promoción pública

Reserva de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida de carácter permanente.

Registro público de demandantes de vivenda protexida en Galicia

Os inscritos no rexistro deben especificar que desexan participar no sorteo específico para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

O limiar de renda para acceso VPOP é superior en situacións de discapacidade.

Arrendamentos de vivenda

- Dereito do arrendatario/a a realizar as obras de adaptación da vivenda a súa discapacidade ou a do/da seu/súa cónxuxe ou familiares cos que conviva.
- Dereito a continuar co contrato de alugueiro no caso de que o arrendatario faleza e algún dos membros da unidade familiar(parentesco ata o 3º grao por consanguinidade ou afinidade) presente unha discapacidade $\geq 65\%$ e convivise coa persoa falecida os últimos dous anos.

Eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios

Obriga da comunidade de propietarios de realizar as obras de mellora da accesibilidade dos elementos comúns cuxo importe total non exceda de tres mensualidades ordinarias de gastos comúns. Se o importe é superior, é necesario o voto favorable da maioría dos propietarios que, a súa vez, representen a maioría das cotas de participación.

TRANSPORTE

Tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida

Dirixida a persoas que acrediten un grao $\geq 33\%$ e a imposibilidade de uso de transporte público colectivo (ditame técnico dos equipos de valoración de discapacidades).

Exención de impostos do vehículo

Exención do imposto de 1ª matriculación e do imposto de vehículos de tracción mecánica en vehículo matriculado a nome de persoas con discapacidade (grao $\geq 33\%$).

Servizo de apoio a mobilidade persoal (065)

Dirixido a persoas en situación de dependencia ou cun grao de discapacidade $\geq 75\%$ que teñan recoñecida imposibilidade de uso de transporte público colectivo. Excepcionalmente, poden optar a el as persoas cun grao entre 33% e 75% cando acrediten a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.



Tarxeta dourada de RENFE

Dirixida a pensionistas de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e as persoas con discapacidade $\geq 65\%$. Neste último caso, tamén se pode beneficiar da tarxeta dourada o/a acompañante.

Servizo de atención para persoas con mobilidade reducida en Aeroportos

Existe en todos os aeroportos europeos e inclúe: recollida, axuda coa equipaxe de man, acompañamento en facturación, zona de embarque, chegada, cambios de terminal, etc.

Bono bus: algúns concellos teñen reducións ou exencións nas tarifas do bono-bus para persoas con discapacidade.

FAMILIA

Familia numerosa

Equipáranse a familia numerosa, as constituídas por:

- Un ou dous ascendentes con dous/dúas fillos/as, sempre que un dos /das fillos/as teña discapacidade $\geq 33\%$ ou estea incapacitado para traballar.
- Os ascendentes con dous/dúas fillos/as, cando ámbolos dous ascendentes teñan recoñecido un $\geq 33\%$ ou un deles $\geq 65\%$.
- Dous irmáns orfos absolutos, maiores de 18 anos, se un deles ten discapacidade $\geq 33\%$.

Excedencia laboral por coidado de familiares

Excedencia de 2 anos de duración (salvo período superior establecido por negociación colectiva) para coidado de familiar ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade que por razón de discapacidade non pode valer por si mesmo e non realice actividade retribuída.

Redución da xornada de traballo (con redución de parte proporcional do salario)

Comprende unha redución do $1/8$ a $1/2$ da xornada laboral. Vai dirixida a traballadores/as que por razón de garda legal teñan ao seu coidado directo fillos/as con discapacidade (que non desenvolvan actividade retribuída) ou teñan ao seu coidado un familiar ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade que por razón de idade, accidente ou enfermidade non poda valer por si mesmo e non desenvolva actividade retribuída.

Prestación económica por redución de xornada para coidado de menores afectados por cancro ou enfermidades graves que requiran hospitalización ou coidados directos

Consiste nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora establecida para a incapacidade temporal. É proporcional á xornada de traballo reducida, a cal será como mínimo de $1/2$ da xornada laboral.

Subsidio por maternidade e paternidade

Na modalidade contributiva:

- Ampliación do subsidio de maternidade en 2 semanas máis no caso de discapacidade do neonato en grao $\geq 33\%$.
- Incremento de días adicionais (non superior a 13 semanas) cando o neonato se atope hospitalizado en período superior a 7 días despois do parto.



- Ampliación do subsidio de paternidade a 20 días naturais no caso de discapacidade $\geq 33\%$ no neonato ou nalgún dos convivintes da unidade familiar.

Na modalidade non contributiva: aumento da duración da prestación a 14 días máis no caso de discapacidade en grao $\geq 65\%$ no fillo ou na nai.

Prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción

Poden acollerse a esta prestación as nais que acrediten discapacidade $\geq 65\%$ e non superen o limite de ingresos anual establecido pola Lei.

Prestación económica por parto ou adopcións múltiples

Para o cálculo da prestación, computan dobre os fillos con discapacidade \geq ao 33%.

Programa de Turismo Social para maiores do IMSERSO

Admítese de acompañante un fillo con grao de discapacidade $\geq 45\%$.

OUTRAS PRESTACIÓNS E BENEFICIOS

PRESTACIONES

Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE)

Contempla axudas para facilitar a autonomía persoal nas modalidades de:- axuda de mantemento e potenciación da autonomía persoal, - axuda para eliminación de barreiras arquitectónicas, - axudas para medios técnicos.

Para a axudas de mantemento e potenciación da autonomía persoal é necesario acreditar discapacidade \geq ao 33% ou dependencia en calquera dos graos. Nas outras dúas as contías varían en función da capacidade económica e do grao de discapacidade e/ou dependencia: $\geq 33\%$ e/ou grao 1 dependencia; entre 65% e 74% e/ou grao 2 dependencia; $\geq 75\%$ ou grao 3 dependencia.

Fondo de acción social para a atención de persoas con discapacidade dirixido a empregados públicos da Xunta de Galicia

A contía da prestación varía en función da renda familiar per cápita e do grao de discapacidade de: 33% a 64%, de 65% a 74% e dende o 75%.

Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS)

Existen axudas para a promoción da autonomía persoal nos conceptos de -tratamentos especiais a discapacitados (grao igual ou superior ao 25%)-, -terapia de mantemento e ocupacional (grao igual ou superior ao 33%).

Mutualidade Xeral Xudicial (MUGEJU)

Para as axudas do Plan de Atención Socio-Sanitario as contías varían en función dos ingresos mensuais por persoa e do grao de discapacidade: do 33% ao 64%, do 65% ao 74% e do 75% ao 100%.

OUTROS BENEFICIOS:

Asimilación da incapacitación xudicial ao 65% a efectos da Lei Xeral de Seguridade Social.



Xustiza gratuíta

- Non se ten en conta o límite de ingresos cando se trate de procesos xudiciais nos que estean implicadas persoas con discapacidade psíquica vítimas de abusos ou maos tratos
- Elevase o tope de ingresos (inferior a 5 veces IPREM) para xustiza gratuíta en procedementos que garden relación con circunstancias de saúde ou discapacidade .

Servizo de mensaxería MRW

Ofrece un prezo especial para envíos de paquetería por parte de persoas con discapacidade (≥ 33).

Campamentos de verán

Dirixidos a persoas con discapacidade ($\geq 33\%$) e idades comprendidas entre os 11 e os 40 anos.

Tarifas especiais en ocio e cultura

En determinados monumentos e lugares turísticos, piscinas municipais, etc existen tarifas especiais para persoas con discapacidade.